



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DE PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE O SISTEMA DE SUBSTITUCIÓN

O 31/08/2022 ofertáronse para a súa provisión temporal mediante o sistema de substitución entre persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, os postos relacionados no anexo I da dita convocatoria.

Unha vez publicada a convocatoria advertiuse a inclusión por erro da praza de auxilio xudicial do Xulgado de Paz de Malpica de Bergantiños, polo que non sería unha praza susceptible de cobertura mediante substitución entre titulares.

Logo da revisión das peticións recibidas nesta Dirección Xeral,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar e facer pública no Anexo I da presente resolución a lista definitiva dos destinos adxudicados ao persoal funcionario que participou na convocatoria do 31/08/2022.

SEGUNDO.- A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos indicada no correspondente acordo de substitución.

Para a formalización desta incorporación expedirase dilixencia de constancia asinada polo/a superior funcional e pola persoa adxudicataria, dilixencia que deberá ser remitida á Dirección Xeral de Xustiza por correo electrónico (servicio.persoal.xustiza@xunta.gal) nesa mesma data.

A renuncia á substitución adxudicada pola presente Resolución, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

TERCEIRO.- O posto de traballo deberá ser ocupado de xeito efectivo, salvo causa xustificada, pola persoa adxudicataria da substitución, mesmo con interrupción, de ser o caso, do desfrute de vacacións, licenzas ou permisos, que en todo caso terán que ser informados polo órgano de destino e autorizados pola correspondente xefatura territorial de acordo coas necesidades do servizo.

CUARTO.- Anular a convocatoria da praza do corpo de auxilio xudicial do Xulgado de Paz de Malpica de Bergantiños.

QUINTO.- Os correspondentes acordos de substitución entre titulares serán enviados por correo electrónico ás persoas adxudicatarias, sendo comunicados a súa vez aos superiores funcionais dos órganos de orixe e destino para o seu coñecemento.

SEXTO.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xudicial competente no prazo de dous meses (art.14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).





ANEXO I

| | | | |
|---|--|--------|------|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. 1ª Instancia n. 5 A Coruña | | |
| Motivo da desocupación: | Licenza por enfermidade | Corpo: | CTPA |
| Adxudicatario/a: | Sen peticións | | |

| | | | |
|---|---|--------|------|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. 1ª Instancia N. 12 A Coruña | | |
| Motivo da desocupación: | Comisión de servizos | Corpo: | CTPA |
| Adxudicatario/a: | Carlos Alberto Pena Iglesias | | |
| Localidade de destino: | A Coruña | Corpo: | CAX |
| Data: | 12/09/2022 | | |

| | | | |
|---|------------------------------------|--------|------|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. do Penal n. 5 A Coruña | | |
| Motivo da desocupación: | Licenza por enfermidade | Corpo: | CXPA |
| Adxudicatario/a: | Sen peticións | | |

| | | | |
|---|---|--------|------|
| Órgano xudicial da desocupación: | Xdo. 1ª Instancia e Instrución n.1 Viveiro | | |
| Motivo da desocupación: | Comisión de servizos | Corpo: | CTPA |
| Adxudicatario/a: | Sen peticións | | |

| | | | |
|---|-------------------------|--------|------|
| Órgano xudicial da desocupación: | Decanato Vigo | | |
| Motivo da desocupación: | Licenza por enfermidade | Corpo: | CXPA |
| Adxudicatario/a: | Julio Carballo Iglesias | | |
| Localidade de destino: | Vigo | Corpo: | CTPA |
| Data: | 12/09/2022 | | |

| | | | |
|---|---|--------|-----|
| Órgano xudicial da desocupación: | Imelga. Subdirección Territorial de Pontevedra | | |
| Motivo da desocupación: | Licenza por enfermidade | Corpo: | CAX |
| Adxudicatario/a: | Sen peticións | | |

